

Caso práctico: Gráfica da transición demográfica en España. Probas das ABAU 2017

Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Identifique as figuras 1 e 2 (1 punto).

b) Cite cinco provincias cun saldo vexetativo entre -0,1 e -1,99 ‰ (1 punto).

c) Explique os tipos de réximes demográficos que pode distinguir na figura 1 (1 punto).

d) Sinale catro causas que expliquen o último réxime demográfico representado na figura 1 (1 punto).



Figura 1 Fonte: INE



Figura 2 Fonte: <http://www.ign.es> España a través de los mapas

a) Identifique as figuras 1 e 2 (1 punto).

Gráfico lineal con dous eixos, no horizontal aparecen os intervalos cronolóxico do 1861-2015, representando dúas magnitudes, a taxa de natalidade e a de mortalidade, a fonte é o INE, e no vertical as taxas en tantos por mil; e mapa de coropleto que se utilizan para representar fenómenos con numeracións, neste caso presenta unha división administrativa en provincias, presenta unha lenda e a fonte é *España a través de los mapas*, e tamén presenta unha escala gráfica.

b) Cite cinco provincias cun saldo vexetativo entre -0,1 e -1,99 ‰ (1 punto).

O saldo vexetativo resulta de restar á taxa de natalidade a de mortalidade. Son Badaxoz, Biscaia, Cantabria, Cidade Real, Lleida, Pontevedra, Segovia, Valladolid, Zaragoza.

c) Explique os tipos de réximes demográficos que pode distinguir na figura 1 (1 punto).

- *Réxime demográfico antigo*, ata finais do século XIX, caracterizado por moi altas taxas de natalidade e mortalidade (superiores ao 30‰), con episodios de mortalidade catastrófica (períodos pequenos de tempo nos cales se multiplica a taxa de mortalidade normal debido a epidemias ou guerras), co resultado de escaso crecemento da poboación. Neste réxime demográfico, propio de sociedades rurais, existía unha alta mortalidade infantil. Na gráfica sobresaie o pico de mortalidade de 1885 causado por unha epidemia de cólera. Na década de 1880 a 1889 a tuberculose, as tifoides, o xarampón e outras enfermidades constituíron o 41,3% dos falecementos.

- Inicio da *transición demográfica* , desde finais do século XIX prolongándose ata os anos 70. Esta etapa caracterizouse por un crecemento da poboación como consecuencia do mantemento dunha elevadas taxas de natalidade e dunha diminución moi notable da mortalidade, que foi resultado, fundamentalmente, da introdución de melloras sanitarias e hixiénicas (auga potable, rede de sumidoiros, atención médica ao proletariado urbano...). A natalidade descende de forma suave, sendo deste xeito o crecemento natural da poboación elevado.

No século XX a poboación experimentou un forte crecemento, aínda que non a ritmo constante. O paulatino descenso da mortalidade viuse interrompido pola epidemia de gripe de 1918, que provocou máis de 150.000 mortes.

Na década de 1920 e comezos de 1930 acelerouse o crecemento demográfico, impulsado pola prosperidade económica que se freou coa guerra civil (1936-1939) polo aumento da mortalidade e, sobre todo, pola subnatalidade que provoca.

As décadas de 1940 e 1950 (anos da posguerra) estiveron marcadas por un lento crecemento demográfico, froito das dificultades económicas e da perda de poboación en idade reprodutora.

Entre 1958 e 1977 produciuse un maior crecemento da poboación ao aumentar a natalidade, o que se chamou o *baby boom*, como resultado da mellor situación económica dos anos do desarrollismo e da política natalista do franquismo.

- *Réxime demográfico moderno*: iniciouse no último cuarto do século XX e chega ata os nosos días. Caracterízase por un descenso da natalidade e da mortalidade, de modo que o crecemento natural é moi pequeno e tende a 0.

O retroceso da natalidade nesta etapa está relacionado en parte coa crise económica de 1973 , co clima de inseguridade que acompañou os cambios políticos polos que atravesaba o país neses anos, a incorporación da muller ao mundo laboral, o diferente papel dos fillos e a extensión de métodos anticonceptivos .A finais do século pasado a taxa de natalidade española era similar á de Europa (9,5‰).

O crecemento demográfico volveuse aínda máis débil a partir da década de 1980, non soamente polas baixas taxas de natalidade, senón tamén porque a mortalidade, que alcanzara unha taxa moi baixa , aumentou a finais da década de 1990 como consecuencia do progresivo envellecemento que sufriu a poboación.

Desde os comezos do século XXI as taxas de natalidade e mortalidade seguen sendo moi baixas polo que o crecemento é nulo. A chegada de inmigrantes permite un breve crecemento da natalidade antes da crise de 2008. A situación na actualidade é practicamente de estancamento demográfico.

d) Sinale catro causas que expliquen o último réxime demográfico representado na figura 1 (1 punto).

1ª) A situación económica de crise a partir de 1975 e que continuou na década dos 80 incrementou a idade media de matrimonio e acurtou o período fértil das mulleres pola:

- precariedade laboral
- alto prezo da vivenda

2ª) Cambios de mentalidade e de valores desde a transición á democracia con:

- diminución da influencia relixiosa
- uso de anticonceptivos
- legalización do aborto, en certos supostos, e do divorcio
- aumento do acceso feminino á educación e incremento da participación da muller no mercado laboral
- dificultades na conciliación familiar (escaseza de garderías, ausencia de políticas a favor)
- os fillos xa non se consideran un seguro de vellez (progreso da protección social)

3ª) Lixeira recuperación na actual centuria grazas á inmigración estranxeira

4ª) Lixeiro aumento da mortalidade desde os 80 debido ao envellecemento da poboación.

Por estas catro causas o crecemento natural descendeu ata o final da centuria anterior polas baixas taxas de natalidade e de mortalidade. A esperanza de vida aumentou moito ,e España é un dos países do mundo con maior esperanza de vida(segundo datos da OMS,2020 ocupaba o 1º posto con 84 anos; seguido de Xapón,Suiza con 83),e sendo esta maior nas mulleres .